

{NOTAS DE ACTUALIDADE}

## Congreso de esperanto



Helena Villar Janeiro

"El correo gallego"

V. Villar, 02/07/10

DESDE HOXE ata o día 5 haberá en Compostela un Congreso de esperanto no que terá un papel destacado o esperantista galego Antonio Alonso Núñez. Os participantes percorreren a Ruta Rosaliana e irán á Casa da Matanza. Xosé L. Lourenzo Vidal prometeunos que no Kongreso Libro haberá poemas de Rosalía traducidos á lingua auxiliar artificial elaborada a finais do século XIX polo oftalmólogo polaco Ludwik Lejzer Zamenhof, autor dun manual que asinou co nome de Doktoro Esperanto (Doutor Esperanzado) do que toma o nome.

Segundo o seu pensamento, que pretendía resolver a comunicación universal, con esta lingua ningún falante vería asoballado o seu idioma polo doutro pobo con máis fortuna lingüística e, polo tanto, non habería privilexiados porque ningunha lingua sometería as outras ao imperialismo espiritual que exerceron ao longo

O esperanto ten vocación democrática e sufriu a persecución dos intolerantes, que chegaron a prohibilo

da historia os idiomas poderosos. O esperanto, pois, ten unha inspiración pacifista e democrática. Para lograr os seus fins, é de moi doada aprendizaxe –só ten 16 regras sen excepcións– e nel poden recoñecerse as diferentes familias lingüísticas, que van achegando distintos elementos constitutivos da linguaxe verbal.

O esperanto sufriu a persecución dos intolerantes que chegaron a prohibilo no século XX. Os seus falantes souberon incluso do Holocausto, pois Adolf Hitler considerou que era unha lingua que podería ser empregada para a dominación do mundo por unha conspiración xudía internacional. Pero hoxe segue felizmente vivo. Existen institucións

internacionais, como a *Akademio de Esperanto* e a *Universala Esperanto-Asocio*, que se ocupan da súa promoción. A súa literatura ten sección no PEN Internacional e para a súa propagación existen numerosas asociacións con páxinas na rede onde se pode aprender gratuitamente. Tamén hai útiles dicionarios on line para a axuda.

Galicia tivo moita actividade arredor do esperanto. A principios do século XX había asociacións esperantistas, na Coruña, Betanzos, Santiago de Compostela, Mondoñedo, Vilalba, Foz, Lugo e Vigo. A obra *Retrincos* de Castelao está traducida integramente ao esperanto, así como o poema coñecido de Mendiño. Tamén o están parcialmente outros poetas como Curros. E cómpre sinalar que entre os nosos clásicos tamén houbo entusiastas esperantistas, coma tal Leiras Pulpeiro.

Escritora